



**RESOLUCION DO 29 DIC. 2014 DA SECRETARIA XERAL DO MAR POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO RÍA DE CEDEIRA PARA O ANO 2015.**

### **Antecedentes**

O día 29 de setembro de 2014 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia a solicitude, en formato papel, do Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano 2015.

Unha vez recibida dita proposta requiríronse os informes técnicos necesarios que permitisen aos vogais do órgano poder valorar a proposta presentada e debatela na reunión do órgano de xestión.

O día 21 de outubro de 2014 reuniuse, en sesión ordinaria, o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña coa orde do día de informar o plan de xestión.

### **Consideracións legais e técnicas**

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", establece no seu artigo 4 as actividades permitidas e limitacións de uso da reserva. Entre as actividades permitidas: a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona (letra a)); a recollida de ourizo, percebe, navalla e longueirón ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de Xestión Integral (letra b)); o marisqueo a pé e a recollida de algas (letra c)) e a recollida de mexilla (letra d)). Asemade, o artigo 6 define as actividades permitidas e limitacións de uso nas zonas de ZEP-I-Vilarrube e ZEP-II-Boca da ría, entre elas: a pesca con artes de enmalle dentro da ZEP-I-Vilarrube nas modalidades tradicionalmente empregadas (letra a)) e a extracción de percebe dentro da ZEP II-Boca da ría (letra b)).

O artigo 7, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 así como as a) e b) do artigo 6 desenvolveranse no marco dun Plan de Xestión Integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

No seu apartados 2 establece que o Plan de Xestión integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo do informe do Oxesco.

O artigo 15 do Decreto 132/2014, do 2 de outubro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Maratribúelle á Secretaría Xeral do Mar a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura, entre outras.





O día 17 de outubro de 2014, os técnicos investigadores do Centro de Investigacións Mariñas (Cima) emitiron informe respecto ao Plan de Xestión Integral presentado.

O día 15 de decembro de 2014, o órgano de xestión, seguimento e control emite informe favorable ao documento resultante como Plan de Xestión Integral da reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano 2014 tralas deliberacións e consideracións feitas na reunión do órgano do día 21 de outubro de 2014.

Así pois, á vista dos antecedentes e das consideracións legais e técnicas, resolvo

**Aprobar** o Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2015.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada no prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Medio Rural e do Mar de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O secretario xeral do Mar

Juan Carlos Maneiro Cadillo

